

# FICHA DE COMPILADOR



**Nome:** Ismael Marcos Cives

**Data de nacemento:** 26 de xaneiro de 1990

**Lugar de nacemento:** Sada (A Coruña)

## Biografía:

Ismael Marcos Cives é doutor en Química pola Universidade da Coruña. Actualmente realiza tarefas de investigador na mesma universidade, dentro do grupo de investigación QuiMolMat.

Comeza no folclore á idade de oito anos, na Asociación Cultural e Deportiva A Meda do Castro (Sada), primeiro como percusionista e anos máis tarde como gaitero e bailador. Dende ese momento aprende a tocar varios instrumentos de forma autodidacta e converte a música na súa meirande afección.

No ano 2010 pasa a formar parte do Grupo de Música e Baile da Asociación Cultural Xacarandaina (A Coruña). No verán do 2011, da man de Francisco Manteiga e Miguel Vázquez, toma contacto coa música e baile de raíz, feito que cambia radicalmente a súa forma de ver e de vivir a cultura tradicional de Galicia. Dende ese momento percorre o país na busca de informantes que aínda poidan transmitir os seus saberes, gravándoos para que non caian no esquecemento.

Dende o ano 2017 é o director da sección de gaita do Grupo de Música e Baile Tradicional Xacarandaina e da A. C. e D. A Meda do Castro, ademais da sección de baile da Agrupación Xuvenil Pena Maior de Marrozos (Santiago de Compostela).



[10-01-2018]